



# Nota de Prensa

**Unha enquisa de ANPE Galicia entre o profesorado confirma deficiencias para afrontar a COVID nos centros educativos galegos.**

**A enquisa amosa que:**


- **Non se facilita unha máscara de protección a diario.**
- **Nas aulas pásase frío.**
- **Non hai medidores de CO2 en case ningún centro e nos que os hai non alcanzan a todas as aulas.**

ANPE Galicia acaba de realizar unha enquisa ao profesorado para coñecer o **estado actual das aulas en Galicia e como se está afrontando a COVID** tras o parón do Nadal.

As conclusións **confirman as deficiencias que ANPE Galicia leva tempo denunciando:** a inmensa maioría dos docentes que contestaron a enquisa afirman que nos centros educativos pásase frío, que non se facilita unha máscara de protección a diario (ou o número suficiente para un período de tempo), que non hai medidores de CO2 na maioría dos centros e, naqueles onde si os hai, non alcanzan a todas as aulas.

Na enquisa participaron **profesores e profesoras de centros educativos públicos de toda a Comunidade:** o 23,4% de zona rural, o 35,8% de vilas e o 40,8% das 7 grandes cidades galegas. A participación abarca a docentes de todas as ensinanzas: Mestres/as, secundaria, FP e ensinanzas de réxime especial.


O teu centro está en...?






# Nota de Prensa

En qué corpo estás traballando actualmente?




A mostra pon de manifesto que no 79,8% das aulas existe **ventilación permanente** mantendo as fiestras abertas toda a xornada; que nun 19,2% ventilan cada certo tempo.

Como se ventila a túa aula?




E que o 71,1% dos enquisados pasa frío a pesar de dispor de **calefacción**.

O sistema de calefacción é suficiente para contrarrestar as baixas temperaturas?




Os **medidores de CO2** non están presentes en máis de 3 de cada 4 aulas, un risco engadido, ao carecer de información nestes espazos.

O teu centro ou a túa aula dispoñen de medidores de CO2?



En relación ao material hixiénico e sanitario, as gráficas revelan un dato moi preocupante para a saúde dos traballadores e traballadoras, alumnos e alumnas e familias, que conviven nos centros educativos: soamente o 23,4% dos docentes afirma recibir unha **máscara diaria** (ou un lote suficiente para un período equivalente a unha por día); deles un 52,1% manifesta que se lles entrega **máscara hixiénica** (non suficiente garantía fronte ao contaxio segundo os expertos), fronte a un 19,4% que afirma recibir unha **máscara FFP2**. Finalmente, os centros dispoñen de **xel hidroalcohólico** nun 49,6% dos casos.


A Consellería de Educación facilitouche algún dos seguintes materiais de protección? (Marca unha ou varias opcións se é o caso)



Noutra orde de cousas, cabe destacar que o 98,4% dos **centros presentan ou presentaron alumnado e/ou docentes contaxiados**.


Tiveches alumnos/as ou compañeiros/as afectados/as pola COVID?

https://www.google.com/maps/@42,42,42,15z




En referencia aos **contaxios do alumnado**, o máis destacable é que unha porcentaxe superior ao 70% dos enquisados refire que tivo **alumnos positivos ou contactos estreitos**; e en torno a un 10% que tiveron **aulas enteiras**.

Producíronse casos de contaxio entre o teu alumnado?



Respecto do **contaxio do profesorado**, á pregunta **Hai baixas de profesorado no teu centro?**, preto dun 20% refiren entre 5 e 10 casos; un 10% refiren 4 casos; preto doutro 20% refiren 3 casos; un 24,5% refiren 2 casos e un 23,8% refiren un caso.

Hai baixas de profesorado no teu centro?






# Nota de Prensa

**Estanse cubrindo estas baixas de profesorado?** No 75% dos casos os enquisados afirman que a Consellería procedeu á cobertura desas baixas pero en 1 de cada 4 casos non foi así. Esta realidade pon de manifesto que a detección, comunicación e substitución das baixas do profesorado debe ser unha prioridade para reducir esta elevada porcentaxe de profesorado sen substitución, para dar continuidade á actividade docente nas aulas cubrindo as baixas con especialistas das materias e non con profesorado de garda, transformando as aulas en meras garderías.

Enviaron substituto/a para cubrir esa baixa?



Estes datos **reafirman as peticións de ANPE Galicia, reiterando a necesidade de:**

- Acelerar a vacinación de todo o profesorado e do alumnado menor de 12 anos.
- Resolver as situacións de persoal vulnerable, con alternativas á docencia directa.
- Facilitar unha máscara diaria a cada docente.
- Reforzar a calefacción todo o inverno, para compensar a ventilación cruzada.
- Un medidor de CO2 en cada estancia.
- PCRs ou test de antíxenos para o resto de alumnos/as e docentes, ante un positivo na aula.
- Protocolos claros ante a detección de casos positivos.

Ademais, ANPE solicita á Consellería que analice os centros coa fin de axudarlles a superar estas carencias.

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2022.

Secretaría de Comunicación de ANPE Galicia.